



NOTA DE PRENSA 22 de enero 2020

## A candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade protagonista en FITUR

A **D.O. Ribeira Sacra** participará no acto, que este **mércres ás 14.00** se celebra en FITUR, adicado á candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da Humanidade. A cita será no stand de Galicia, contando co Presidente da D.O. Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez, o Presidente do Consorcio de Turismo, Luis Fernández Guitián e a Directora Xeral de Patrimonio Cultural que se achegará ao estado no que se atopa a candidatura ante a UNESCO.

**FITUR**, a primeira cita anual para os profesionais do turismo mundial e a feira líder para os mercados receptivos e emisores de Iberoamérica acollerá outra interesante cita, neste caso o **venres 24 de xaneiro**, no estand do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (9 C14). Ás 10.15 celebrarase a mesa redonda **“Enoturismo, xerando valor nas zonas rurais”**, organizada pola Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (**CECRV**), en colaboración coa Asociación Española de Cidades do Viño (**ACEVIN**).

O encontro, para o que non se necesita inscrición previa, servirá para expoñer aos profesionais o nivel de desenvolvemento alcanzado polo enoturismo e o seu enorme potencial para impulsar o desenvolvemento de numerosas zonas rurais. Comezando por unha contextualización sobre a situación do enoturismo na actualidade, a cita servirá para que os profesionais do turismo coñezan de primeira man o elevado nivel e o potencial do enoturismo en España, deixando claro o seu carácter de produto experiencial e colaborativo, **resultado da unión do prestixio das Denominacións de Orixe, do saber facer das adegas das súas zonas e da colaboración de múltiples axentes do territorio**: administracións locais, establecementos de hostalería e outras iniciativas privadas.

Achegaranse claves polas que o enoturismo pode considerarse unha potente ferramenta de loita contra o despoboamento, potenciando os recursos das zonas rurais, dinamizando e contribuíndo á preservación do seu patrimonio histórico-artístico, gastronómico e natural e atraendo investimento e recursos económicos para o medio rural.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirosacra.org](mailto:comunicacion@ribeirosacra.org)